

Outra vez o caos, non aprendemos

Alberte Blanco Casal

As condicións climáticas adversas, como as deste mes de agosto, facilitan a proliferación dos lumes, pero non resulta comprensíbel nin razoábel que cada foco se converta nun gran incendio. Algo non funciona ben na xestión de Medio Rural para que isto suceda, con esta dimensión catastrófica. Sábese que circunstancias meteorolóxicas adversas son recorrentes cada verán e van en aumento, como sinalamos na Comisión de expertos do Parlamento Galego de 2019. Nos documentos finais que trasladamos ao Parlamento e ao Goberno Galego había unha análise pormenorizada dos elementos clave do sistema de defensa do monte, ademais dunha lista exhaustiva de recomendacións para afrontar con certas garantías unha crise incendiaria. Lamentablemente, non parece que se tivesen moito en conta.

O fundamental nunha política contra-incendios é o desenvolvemento rural. Ter un dispositivo altamente cualificado é importante, pero hai países con excelentes servizos contra incendios (o noso tamén o ten) que non resolven o problema. Hai outros factores estruturais que deben de ser tidos en conta, non centrar todo na extinción.

Debemos ter moi presente que Galiza conta cunha gran cantidade de núcleos rurais dispersos por toda a xeografía do país. Se queremos que o Servizo de Prevención de Incendios (SPIF) sexa eficaz durante unha crise incendiaria de nivel 1 ou 2 (afectación potencial importante a persoas e bens públicos e privados non forestais), cómpre que as faixas de protección contempladas pola Lei de incendios estean en perfectas condicións. É dicir, coas bandas de protección en torno ao perímetro dos núcleos sen biomasa.

Daquela, o SPIF podería actuar con máis eficacia e centrarse nos puntos críticos; do contrario, a emerxencia vólvese ingobernábel. Vista a deriva climática, cada vez máis adversa, haberá que ampliar o ancho das faixas e mesmo realizar devasas de protección nas zonas de pendente que rodean os núcleos para dar unha maior seguridade. Esta medida é esencial, porque temos un grande número de fincas agrícolas abandonadas con matogueira, sen discontinuidade de biomasa altamente combustíbel entre o monte e o medio urbano. Unha bomba. Tampouco se trata de limpar o monte (é imposible, ademais de innecesario), só os accesos, pistas e devasas de seguridade.

En definitiva, unha parte significativa da responsabilidade desta catástrofe hai que adxudicarlle á ausencia de prevención, ao abandono do medio rural e á desidia das autoridades. Hai unha aplicación deficiente da lexislación agro-forestal que temos neste momento, aínda que é manifestamente mellorábel. De aplicarse, de facer cumprir cuestións como os perímetros de protección, o control e posta a disposición de emprendedores das fincas agrícolas abandonadas polo Banco de Terras, promocionando o desenvolvemento rural, a ordenación do territorio e un monte onde prevalecese o cultivo en mosaico, con especies alternadas para frear os incendios, o resultado sería outro moi diferente. Non se poden evitar totalmente os incendios, pero poderíanse controlar mellor e evitar moitas catástrofes. Este modelo sería infinitamente máis barato. Lamentablemente, non parece que este Goberno queira poñelo en práctica.

Ademais da estrutura forestal, o monte multi-funcional ou o desenvolvemento hai un factor indispensable: implicar a veciñanza do rural na xestión do territorio. O dispositivo contra os incendios non pode ser unha estrutura, por dicilo así, de funcionarios públicos afastados do territorio. Hai que involucrar as comunidades de montes, os propietarios particulares, as

cooperativas. Cando se fixo isto, logrouse unha cohesión entre a xente e a administración que resultou moi positivo para o medio rural; o número de incendios e de hectáreas ardidas mingou en máis do 70% a partir da aplicación desa política.

Mais, para iso hai que mudar de mentalidade ou de Goberno. O abandono do medio rural é a causa principal dos incendios. Un rural desenvolvido e ordenado territorialmente non sufriría desfeitas destas proporcións.